


la Giresca

XV Festival de Cerceda



7, 8 e 9 de Setembro

A Gresca

XV Festival de Cerceda



- ★ Rumborrachera
- ★ Os Veraneantes
- ★ Charanga Gypsy clown
- ★ Combinat de Circ Galego-Catalá
- ★ Diablos de Nou Barris
- ★ Festicultores Troupe
- ★ Zënzar
- ★ Malandrómeda
- ★ Quempallou
- ★ A.C.R. S. Martiño de Cerceda
- ★ Stoy ke trino
- ★ Reopla
- ★ El retrete de Dorian Grey
- ★ Los Herederos del Taxi
- ★ Charanga do Metal
- ★ Iván DZine
- ★ DJ Can de Palleiro

Organizan:



www.myspace.com/agresca



KASA DE XOVES DE ROQUETES



komunikando.net



Rede cat

Colaboran:



clickair
vuela inteligente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



Concello de Cerceda



xacobeo

A GRESCA. XV FESTIVAL DE CERCEDA

Desde a organización de A Gresca propoñemos como principal obxectivo estruturar e consolidar un espazo que contribúa a dinamizar, relacionar e achegar as distintas manifestacións da cultura popular en todas as disciplinas artísticas: as que se manteñen achegadas á tradición de maneira máis pura; as que combinan tradición e novas tendencias; as novas expresións resultado da dinámica actual.

Tamén propiciar o intercambio desde realidades culturais periféricas, pouco visíbeis e que non teñen cabida nos principais circuitos comerciais. Tanto Nou Barris como Cerceda non forman parte da centralidade cultural en Galiza ou Barcelona. O que permite mostrar aquelas expresións culturais menos coñecidas e difundidas, as que teñen a súa orixe nos entornos culturais máis reivindicativos ou aquelas propostas artísticas máis alternativas.


Trasladar de Nou Barris a Cerceda a organización da Foliada, pretende crear e consolidar vías de comunicación e contacto entre os contextos culturais, sociais e políticos de Galiza e Cataluña. Unha aposta pola interculturalidade como mecanismo para a construción de sociedades plurais, nas que se promova a participación desde as distintas sensibilidades presentes.

A viaxe —que pretende ser bidireccional— posibilitará así mesmo o intercambio de experiencias, o compartir diferentes maneiras de vivir e ver a realidade. A conexión nun mesmo espazo da cultura urbana de barrio (Nou Barris) coa cultura de ámbito rural (Cerceda). O feito cultural achega así unha ferramenta que permite aproximar as respectivas preocupacións sociais, convertendo a cultura nun organismo activo, crítico, dinámico e comprometido.

A articulación no marco d' A Gresca das distintas manifestacións da cultura popular, teñen tamén por obxectivo contribuír a dotalas de novos sentidos.







Trátase de promover contextos que propicien a súa interconexión para que poidan xurdir novas propostas, que acheguen, ademais, dinamismos anovados.



Non podemos esquecer o papel relacional que cumpre a festa cultural e musical —eixo central d' A Gresca—, socializadora, de creación de vínculos de reciprocidade entre as persoas.



Obxectivos

Entre os obxectivos básicos da organización de A Gresca destacamos:

-  - Ofrecer un espazo de **COÑECEMENTO E INTERACCIÓN** entre as culturas galega e catalá a partir de diversas manifestacións artísticas (literatura, música, gastronomía, teatro etc.). Fomentando a estruturación e consolidación de novas redes de comunicación e acción.
-  - Fomentar a **PARTICIPACIÓN** directa do público nestas manifestacións, mediante talleres, jam sessions, mesas redondas etc., facendo posíbel un intercambio real de experiencias e visións da cultura.
-  - Propiciar a **ACCESIBILIDADE** a aquelas manifestacións da cultura popular que non forman parte dos principais circuítos comerciais de Galiza e Cataluña: as menos coñecidas e difundidas, as que proveñen dos entornos culturais máis reivindicativos, as propostas máis alternativas.
-  - Promover o feito cultural como ferramenta de **TRANSFORMACIÓN SOCIAL**, actuando como elemento activo que faga posible o compartir e (re)coñecer as preocupacións sociais existentes nos contextos urbano e rural, que representan Nou Barris e Cerceda.
-  - Promover a **CONEXIÓN** entre as distintas manifestacións da cultura popular en todas as disciplinas artísticas, co obxectivo de dotalas de novos sentidos e anovados dinamismos.
-  - Ofrecer unha programación de calidade ao alcance de todos, con unha política de **PREZOS POPULARES**.



Venres 7 de setembro

- 18:00h. Apertura da **Mostra de Artesanía e Comercio Ecolóxico**, e carpa do proxecto de información afectivo-sexual **QUÉROTE** no campo do festival.
- 19:00h. Benvida e pasarrúas polo centro coa charanga **OS VERANEANTES**.
- 20:00h. Recebemento dos colectivos cataláns e pregón no campo da feira. Pregoeiro **Ramón Vilar "Moncho da Tablilla"**.
- Actuación do grupo de baile tradicional da **Asociación S. Martiño de Cerceda** e pasarrúas coa charanga **OS VERANEANTES**.
- 21:30h. Cea galega no campo do festival acompañada co quinteto **S. Martiño de Cerceda**.
- 22:30h. Concerto:
- RUMBORRACHERA** (Catalunya)
 - ZĒNZAR** (Galiza)
 - MALANDROMEDA** (Galiza)
 - OS VERANEANTES** (Galiza)

Sábado 8 de setembro

- 12:00h. Pasarrúas coa charanga **GYPSY CLOWN**.
Xogos: Billarda.
Escalabirras.
Fútbolín humano (campo do festival)
- 14:30h. **Taller infantil de música** (campo da feira)
- 16:30h. **Talleres de circo** (campo da feira)
- 18:00h. Comida catalana: butifarrada no campo do festival.
Carajillo Rumbero, con **LOS HEREDEROS DEL TAXI**.
- 18:00h. **COMBINAT DE CIRC GALEGO-CATALÁ** no campo da feira con artistas dos grupos:
Escola Juvenil de Circ Ateneu Popular de 9 Barris (Catalunya)
Escola de Circ Rogelio Rivel (Catalunya)
Malandraxa (Galiza)
Pista 4 (Galiza)
- 20:00h. Pasabares da **CHARANGA DO METAL** polo pobo ata o concerto.
- 21:00h. Cea galega no campo do festival
- 22:30h. Concerto:
- QUEMPALLOU** (Galiza)
 - Pase dos DIABLES DE 9 BARRIS** con **FESTICULTORES TROUPE**
 - REOPLA** (Catalunya)
 - STOY KE TRINO** (Catalunya)
 - IVÁN DZINE**
 - DJ CAN DE PALLEIRO**





E-MAIL:

a_gresca@hotmail.com

aclucerna@googlegroups.com

TELÉFONO:

A.C. Lucerna: 628300098

WEB:

www.myspace.com/agresca

A Per Loca

